

FORNELOS DE MONTES

A N U N C I O

Transcorrido o prazo de exposición ó público do acordo provisional de modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Actividades Económicas, adoptado polo pleno desta corporación na sesión celebrada o día 25 de agosto de 2011, sen que se presentase ningunha reclamación, elévase a definitivo dito acordo, segundo o sinalado no artigo 17.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. Publícase a súa aprobación definitiva en cumprimento do disposto no artigo 17.4 da citada norma.

De conformidade co disposto no artigo 19.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra a aprobación definitiva da modificación citada da ordenanza fiscal, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ou acudir directamente ó recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas reguladoras de dita xurisdicción.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONOMICAS*ARTIGO 1. FUNDAMENTO E RÉXIME*

De conformidade co disposto no artigo 15,2 da Lei 39/88, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL) e de acordo co previsto no artigo 59.1 do citado texto legal en orde á esixencia do imposto sobre Actividades Económicas, establécese esta Ordenanza Fiscal, redactada conforme os artigos 78 a 91 do TRLRFL.

ARTIGO 2. COTAS TRIBUTARIAS MÍNIMAS

As cotas mínimas fixadas nas tarifas en vigor, que foron aprobadas por Real Decreto Lexislativo do Goberno, serán incrementadas mediante a aplicación sobre as mesmas do coeficiente de ponderación determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo.

Dito coeficiente determinarase de acordo co seguinte cadro, tal e como sinala o artigo 86 do TRLRFL:

IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS (EN EUROS)	COEFICIENTE
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocios	1,31

ARTIGO 3. COTAS TRIBUTARIAS INCREMENTADAS

As cotas das citadas tarifas incrementadas pola aplicación do coeficiente fixado no artigo anterior serán ponderadas conforme á categoría da rúa, mediante a aplicación da seguinte escala de coeficientes:

Categoría fiscal da rúa: 1. ^a	2. ^a
Coefficiente aplicable: 3,7	3,5

As cotas fixadas nas tarifas aprobadas polo Goberno viran determinadas, en definitiva, polo produto do importe de ditas cotas polo coeficiente fixado no artigo 2.º, e multiplicado á súa vez dito produto polo coeficiente correspondente á categoría da rúa onde se sitúe o establecemento.

No suposto de dar fachada a dúas rúas, o coeficiente aplicable será o correspondente á rúa que teña asignado o maior índice.

ARTIGO 4. – CLASIFICACIÓN DAS RÚAS DESTA LOCALIDADE

A efectos da súa categoría fiscal para a asignación dos coeficientes ós que se refire o artigo anterior:

CATEGORÍA 1. ^a	Zonas clasificadas polo PXOM de Fornelos de Montes como solo urbano.
CATEGORÍA 2. ^a	Resto do municipio

ARTIGO 5. –

Sobre a cota do imposto aplicaranse as BONIFICACIÓNS reguladas polo artigo 88.1 do TRLRFL.

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN

- Os impostos esixiranse por recibo, seguindo o procedemento que establecen os artigos 12 a 15 e concordantes do Real Decreto 243/1995, de 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do imposto sobre actividades económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censal.
- Non será necesaria a modificación expresa das modificacións reflectidas na matrícula anual do imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo obrigado tributario ou polo seu representante, salvo que se modificara o consignado nos mesmos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada polo Pleno do Concello de Fornelos de Montes en sesión celebrada o 25 de agosto de 2011, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2012, unha vez que se efectúe a publicación do texto íntegro da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Fornelos de Montes, a 17 de outubro de 2011. – O Alcalde, Emiliano Lage Rodríguez. **2011010344**

E D I C T O

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o Orzamento para o exercicio económico de 2011, por acordo adoptado en sesión celebrada o día dezaseis de setembro de dous mil once, en cumprimento ó que dispón o artigo 169.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo faise público que dito Orzamento ascende, tanto en Gastos coma en Ingresos, á contía de UN MILLÓN OITOCENTOS CORENTA E UN MIL EUROS, correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

estado de gastos		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal	438.627,28
2	Gastos en bens correntes e servizos	573.810,51
3	Gastos financeiros	5.680,00
4	Transferencias correntes	37.851,31
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Inversións reais	743.830,89
7	Transferencias de capital	
8	Activos financeiros	1.560,00
9	Pasivos financeiros	39.640,01
suma total de gastos		1.841.000,00

estado de ingresos

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓN CORRENTES		
1	Impostos directos	297.612,14
2	Impostos indirectos	60.000,00
3	Taxas e outros ingresos	130.118,30
4	Transferencias correntes	657.910,17
5	Ingresos patrimoniais	1.800,00
B) OPERACIÓN DE CAPITAL		
6	Alleamento de inversións reais	0.00
7	Transferencias de capital	491.933,41
8	Activos financeiros	162.302,38
9	Pasivos financeiros	39.321,60
suma total de ingresos		1.841.000.00

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

Funcionarios

Denominación	Nº Postos	Grupo	Nivel C. D.	C. Especifico
A) Habilitados Nacionais				
Secretario-Interventor	1	A1	24	13.095,74 €
B) Administración Xeral				
Administrativo	1	C1	16	7.900,43 €
Auxiliar Administrativo	1	C2	12	7.900,43 €
Funcionarios de Empleo	Ningún			

per soal labor al FiXo

Denominación	Nº Postos	Categorías
Operario de servizos varios	4	Peón
Operario de servizos varios – encargado de persoal	1	Peón
Operario de servizos varios – encargado de instalacións	1	Peón
Operario de servizos varios-socorrista	1	Peón
Limpadora do Grupo Escolar e demais dependencias municipais	2	Limpadora

Cumprindo o sinalado no artigo 75.5 da Lei reguladora das bases do réxime local publícase integramente o acordo sobre asignacións a membros da corporación contido na base 14ª das de execución do orzamento de 2011:

“1.—De conformidade co establecido no artigo 42.4 da Lei 14/2000, de 29 de decembro, que da nova redacción ó artigo 75.4 da LRBRL, Os membros da corporación local percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas. A norma aplicable ós funcionarios é o RD. 462/2002, de 24 de maio.

Para estes efectos, os membros da corporación consideraranse incluídos no Grupo I (Altos cargos)

Nas axudas de custo, no caso de que a saída se produza antes das catorce trinta horas e o regreso con posterioridade as vinte e unha trinta horas do mesmo día, se percibirá o 100% dos gastos de manutención.

Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán, por asistencia ás sesións de pleno e xunta de goberno local as seguintes cantidades:

- Por asistencia a pleno: 100 euros por sesión.
- Por asistencia a xunta de goberno local: 400 euros por sesión.

Os tenentes de alcalde, deixarán de percibir asignacións por asistencia a sesións no caso de que o global anual por asistencia a plenos e comisións de goberno alcance as seguintes cantidades:

- 1º Tenente de Alcalde 6.000,00 euros
- 2º Tenente de Alcalde 4.800,00 euros
- 3º Tenente de Alcalde 4.800,00 euros

Por asistencia a cada sesión do Consello Escolar, e demais entidades que contan con representación oficial do Concello de Fornelos de Montes, cando celebren sesión dentro do municipio, o concelleiro delegado percibirá unha indemnización de 50,00 euros.

Cada concelleiro percibirá, por asistencia efectiva a cada sesión da Comisión Especial de Contas a cantidade de 50,00 euros.”

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Fornelos de Montes, a 18 de outubro de 2011.—O Alcalde, Emiliano Lage Rodríguez. **2011010345**

* * *

M O S

A N U N C I O

Formulada e rendida a Conta Xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico do ano 2010, e ditaminada pola Comisión Especial de Contas, en sesión extraordinaria celebrada en data 11 de outubro de 2011, expónse ó público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles, contados a partires do seguinte ó da publicación deste anuncio no “Boletín Oficial” da Provincia, para que poida ser examinada e formularse as reclamacións, reparos ou observacións que se estimen pertinentes durante dito prazo de exposición e os oito seguintes, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Mos, a 13 de outubro de 2010.—A Alcaldesa, Nidia María Arévalo Gómez. **2011010336**

* * *

N I G R Á N

Informada pola Comisión Especial de Contas o día 19 de outubro de 2011 a Conta Xeral do concello de Nigrán correspondente ao ano 2010, cumprindo o establecido no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público a Conta citada polo prazo de quince días e oito máis durante os que os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións á Conta Xeral.

Nigrán, a 20 de outubro de 2011.—O Alcalde, Alberto Valverde Pérez **2011010370**

* * *